

ACTIVIDADES INGLÉS.

Tercer trimestre

Segunda semana

Boas a todos. Quero agradecervos o esforzo que estades a facer para levar a cabo as actividades que propoño ós vosos nenos. Os resultados están sendo moi bos e isto sen a vosa colaboración sería imposible.

As canles de comunicación seguirán sendo as mesmas: enviade as actividades ó correo electrónico dopicoingles@gmail.com e usade o Hangouts para resolver dúbidas ou complicacións de calquera tipo.

Imos coas actividades da segunda semana. Recordade que **é moi importante que me envidedes o que o alumnado vai facendo xa que ó final de curso teremos que facer un informe individual.**

Infantil

Esta semana comezaremos a traballar os alimentos.

Obxectivos da semana:

- 1.- Aprender alimentos de consumo frecuente: auga, leite, mazá, plátano, peixe, carne, pan e brécol (éste último o inclúo confiando en que a maioría de nenos non lles gustará).
- 2.- Dicar que algo lle gusta e que algo non lle gusta.

Material necesario:

- Flashcards que inclúo neste arquivo.



WATER



MILK



APPLE



BANANA



FISH



MEAT



BREAD



BROCCOLI

- Audio dispoñible na web do colexio no que poderedes escoitar como se pronuncia cada alimento.

- Audio dispoñible na web do colexio no que poderedes escoitar como se di “me gusta” e “non me gusta” en inglés.

Actividades:

a) Tedes que enviarme un audio no que o alumno exprese que alimentos lles gusta e que alimentos non lles gusta.

Para dicir que algo lle gusta ten que dicir “I like...” → I like banana

Para dicir que algo non lle gusta ten que dicir “I don’t like...” → I don’t like fish.

Recoméndovos ensinar primeiro catro palabras durante a primeira metade da semana e as outras catro na segunda metade.